

**IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS****SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*RESOLUCIÓN do 8 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se procede ao nomeamento como persoal estatutario fixo e á adxudicación de destino definitivo aos/ás aspirantes seleccionados/as no concurso-oposición para o ingreso na categoría de enfermeiro/a especialista en enfermaría pediátrica, convocado mediante a Resolución do 3 de maio de 2019.*

A base novena da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos, do 3 de maio de 2019 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 92, do 15 de maio), pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso na categoría de enfermeiro/a especialista en enfermaría pediátrica, dispón que o/a aspirante que, no prazo e conforme o procedemento que se estableza, non seleccionase todos os destinos que se oferten pola orde de prelación que considere, e non resultase adxudicatario/a de ningún polos que tivese optase, non poderá ser nomeado/a e quedarán sen efecto todas as súas actuacións.

Neste suposto, a autoridade convocante procederá ao chamamento de novos/as aspirantes, no número que se corresponda coas prazas ofertadas e non elixidas, coa finalidade de que manifesten a súa opción por estas, logo de acreditaren o cumprimento dos requisitos exixidos. Esta opción realizarase pola orde de prelación que resulte da lista definitiva.

Mediante a Resolución do 10 de maio de 2021 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 93, do 20 de maio) aprobouse a relación de prazas para ofertar e convocáronse, para o acto de elección de destino, os/as aspirantes seleccionados/as no dito proceso selectivo, recoñéndolles no seu punto cuarto a aqueles/as que participasen e obtivesen praza ademais, no concurso específico convocado mediante a Resolución do 4 de xuño de 2020, o dereito de opción por un dos destinos obtidos, que manifestaran no acto de elección.

A base décima da resolución de convocatoria do proceso establece que, unha vez adxudicados os destinos, se publicará no *Diario Oficial de Galicia* a resolución pola cal se declare finalizado o proceso selectivo, co nomeamento como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde e asignación de destino daqueles/as aspirantes seleccionados/as que acrediten o cumprimento dos requisitos exixidos.

Ao abeiro das ditas resolucións, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,



**RESOLVE:**

Primeiro. En cumprimento da base 9.8 da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos, do 3 de maio de 2019 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 92, do 15 de maio), pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso na categoría de enfermeiro/a especialista en enfermaría pediátrica, e os puntos cuarto e terceiro das resolucións deste centro directivo do 10 de maio e do 28 de maio de 2021, respectivamente, excluír do proceso selectivo para o acceso a esta categoría ás aspirantes M<sup>a</sup> do Carme Agra Tuñas, con DNI \*\*\*7771\*\*, Carmen M<sup>a</sup> Vilaseco Illodo, con DNI \*\*\*0665\*\*, M<sup>a</sup> Teresa Rei Serra, con DNI \*\*\*9782\*\*, M<sup>a</sup> del Carmen Fernández Tuñas, con DNI \*\*\*9157\*\*, e Rita Jácome Feijoo, con DNI \*\*\*0573\*\*, polo que quedan anuladas as súas actuacións e decaen en todos os dereitos derivados da súa participación neste proceso.

Segundo. Declarar, no seu lugar, como aspirantes seleccionadas logo da acreditación do cumprimento dos requisitos exixidos a M<sup>a</sup> José Pena Vilar, con DNI \*\*\*3243\*\*, Mónica Mouteira Vázquez, con DNI \*\*\*\*9275\*\*, Olalla Sayáns Queiruga, con DNI \*\*\*8084\*\*, Andrea Cacheda Abeledo, con DNI \*\*\*9178\*\*, e Verónica Pombo Basdedios, con DNI \*\*\*3221\*\*.

Terceiro. Declarar finalizado o concurso-oposición para o ingreso na categoría de enfermeiro/a especialista en enfermaría pediátrica, convocado mediante a Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos, do 3 de maio de 2019 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 92, do 15 de maio).

Cuarto. Nomear como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde na categoría de enfermeiro/a especialista en enfermaría pediátrica os/as aspirantes seleccionados/as que se inclúen no anexo desta resolución.

Quinto. Adxudicarlles aos/ás ditos/as aspirantes, con carácter de destino definitivo, a praza correspondente que figura no indicado anexo.

Sexto. Os/as aspirantes nomeados/as disporán do prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para incorporarse á praza adxudicada.

De conformidade coa base décima da resolución de convocatoria do proceso, a toma de posesión da praza efectuarase no centro de xestión a que pertenza esta. A falta de incorporación no prazo referido, cando sexa imputable ao/á interesado/a e non responda a causas xustificadas, producirá o decaemento do seu dereito a obter a condición de persoal



estatutario fixo como consecuencia do concreto proceso selectivo. No entanto, en casos de forza maior, e por instancia do/da interesado/a, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde poderá prorrogar o prazo de toma de posesión.

Sétimo. De conformidade coa disposición adicional segunda do Decreto 70/2017, do 13 de xullo (*Diario Oficial de Galicia* núm. 145, do 1 de agosto), como condición para o perfeccionamento do nomeamento que se expida, os/as aspirantes seleccionados/as deberán realizar, con carácter obrigatorio, e nun prazo non superior aos seis meses contados desde a data de publicación no *Diario Oficial de Galicia* do correspondente nomeamento como persoal estatutario fixo, as actividades formativas para a obtención do nivel básico de coñecemento en materia de igualdade de xénero e prevención e loita contra a violencia de xénero, previstas no artigo 4 da citada regulación.

Non terán que realizar esta actividade formativa os/as aspirantes seleccionados/as que a realizasen con anterioridade, conste rexistrada en Fides/expedient-e e fose debidamente validada.

Oitavo. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición, ante esta dirección, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase impugnar directamente na xurisdición contencioso-administrativa nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2021

Ana María Comesaña Álvarez  
Directora xeral de Recursos Humanos

### ANEXO

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***9178**	CACHEDA ABELEDO, ANDREA	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	O Carballiño	Carballiño, O	Mañá
***7429**	CANAS RONDON, MARCOS	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Illas Canarias	Lugo	Mañá
***6683**	CARBALLO CADAHIA, CRISTINA	A.S. da Coruña e Cee	O Castrillón	Coruña, A	Mañá
***9485**	CEJUELA MATEOS, MARIA NIEVES	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Touro-O Pino	Touro, Pino, O	Mañá
***4320**	GARCIA JACOME, FE	A.S. de Vigo	Rúa Cuba	Vigo	Desprazable



DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***1983**	LOPEZ COVELA, MARIA FE	A.S. de Vigo	Teis	Vigo	Mañá
***1936**	MAYO GONZALEZ, MARTA	A.S. de Ferrol	Fontenla Maristany-Manuel Comellas	Ferrol	Mañá
***9275**	MOUTEIRA VAZQUEZ, MONICA	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	A Cuña	Ourense	Mañá
***6315**	OTERO VIDAL, ARANZAZU	A.S. de Vigo	Tui	Tui	Mañá
***0054**	PAZOS SEOANE, LAURA	A.S. de Ferrol	Fontenla Maristany-Caranza	Ferrol	Tarde
***3243**	PENA VILAR, MARIA JOSE	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	As Fontiñas	Santiago de Compostela	Mañá
***3221**	POMBO BASDEDIOS, VERONICA	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Virxe Peregrina	Pontevedra	Tarde
***7975**	RIO BARRERA, ADELA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	A Milagrosa	Lugo	Mañá
***5254**	SANCHEZ SUAREZ, YOLANDA	A.S. de Ferrol	Pontedeume-Cabanas-Monfero	Pontedeume, Cabanas, Monfero	Mañá
***9746**	SANMARTIN CHAPELA, CRISTINA	A.S. de Pontevedra e O Salnés	A Parda	Pontevedra	Desprazable
***8739**	SANTOS MIRANDA, EVA	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Vedra-Boqueixón	Vedra, Boqueixón	Mañá
***8084**	SAYANS QUEIRUGA, OLALLA	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Vilagarcía de Arousa	Vilagarcía de Arousa	Mañá
***5141**	SOLLA MARTINEZ, MARTA	A.S. de Vigo	Casco Vello	Vigo	Desprazable

